

Organismo: SECRETARÍA XERAL

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Resolución do 20 de agosto de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisórias da fase de concurso relativa ao apartado 3.2 do anexo III do baremo de méritos, publicacións e méritos artísticos, do procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas convocado pola Orde do 10 de novembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 15 de novembro).

TEXTO:

(Escribir a dous espacios)

A base común 12 da Orde do 10 de novembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 15 de novembro) pola que se convocaba procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a valoración relativa ao apartado 3.2, será efectuada polos tribunais e que esta será publicada nesta consellería, nas súas delegacións provinciais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es>.

En consecuencia, esta secretaría xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Facer públicas as puntuacións provisionais outorgadas polos tribunais no apartado 3.2 do baremo do anexo III do baremo de méritos, publicacións e méritos artísticos, do procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas na Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 10 de novembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 15 de novembro). Esta publicación farase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web (<http://www.edu.xunta.es>).

Segundo.-Contra estas puntuacións poderá presentarse reclamación ante o tribunal, no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, mediante o modelo de reclamación publicado na páxina web (<http://www.edu.xunta.es/cxcatedra>), dirixidas a seguinte dirección: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; Secretaria Xeral; R/ San Caetano – 15781 Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2008.

Benito Fernández Rodríguez

Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Insértese en el DOG